

ACTA DA REUNIÓN Nº 1 DO XURADO DESIGNADO PARA O FALLO DO "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA). EXPEDIENTE: PRG-2021-0243.

Previa convocatoria do órgano de contratación, a Presidencia da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia da Xunta de Galicia, na data de hoxe 24 de maio de 2022, as 10:40 horas reúnen os membros do Xurado para o fallo do concurso de ideas arriba referenciado (en adiante o Concurso), no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1; Sanxenxo (Pontevedra).

I.- O Xurado queda constituído polas seguintes persoas:

Presidenta do Xurado:

- Presidenta da entidade publica Portos de Galicia – Susana Lenguas Gil

Vogais:

- O Alcalde do Concello de Sanxenxo – Telmo Martín González
- O arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo - Rafael Vázquez Abal
- Un enxeñeiro de camiños, canais e portos designado por Portos de Galicia – Roi Fernandez Añón
- Un representante enxeñeiro de camiños, canais e portos, designado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos - Francisco Alonso Fernández
- Un representante arquitecto designado polo Colexio de arquitectos de Galicia - José González-Cebrián Tello
- O representante pola Consellería da Xunta competente en materia de Urbanismo – María Encarnación Rivas Díaz

Secretario:

- O Xefe do Departamento de Secretaría xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia – Manuel Bautís Cheda

Acto seguido a instancia da Presidenta do Xurado, todos os seus membros declaran non ter constancia da existencia de incompatibilidades con ningún dos participantes no concurso nin coñecer a identidade dos autores de ningunha das propostas presentadas ao concurso.

De conformidade coa Base 6 do Prego de Bases, facilítase ao Xurado a lista de preguntas e respostas, emitidas a consultas dos interesados, xunto coas bases completas. As consideracións que se deriven destas consultas terán carácter de obrigada observación para o xurado e o órgano de contratación.

Asemade, facilítase o enderezo electrónico do perfil de contratante da EPE Portos de Galicia dentro da plataforma de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia/Contratos de Galicia, onde se da a debida publicidade aos documentos e actuacións que se desenvolven no marco deste concurso:

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=803819&lang=gl>



II.- A continuación o Xurado de acordo coa certificación administrativa emitida polo secretario xeral do Concello de Sanxenxo, toma razón das 6 ofertas presentadas na convocatoria do Concurso, e procede a declarar que as propostas presentadas en prazo son as seguintes, non observando neste acto incidencias a considerar, non apreciando quebra do anonimato nas proposicións presentadas baixo lema, polo que declara finalmente que resulta admitidas ao Concurso, as seguintes:

- 1.- Lema " Novo porto de Portonovo"
- 2.- Lema " Tales"
- 3.- Lema " Portonovo ao mar"
- 4.- Lema "Duna 022"
- 5.- Lema " A raia"
- 6.- Lema " Puerto+ciudad"

III.- Apertura do sobre 2 Paneis:

De conformidade con artigo 187.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e coa base 11 do Prego de Bases do Concurso, acordase unanimemente que o servizo de contratación municipal, proceda a abrir a documentación que recollen as propostas técnicas deste Sobre 2 Paneis, o que se leva a efecto, do que tales servizos estendera a dilixencia correspondente.

Aberto o dito sobre 2 Paneis, dáse traslado da documentación destes aos membros do Xurado, que realiza unha primeira observación xeral dos paneis (non aprecia quebra do anonimato).

Acto seguido realizase, para cada membro do Xurado, exceptuando o Secretario, unha copia dixital de cada memoria USB contida nestes sobre 2 das ofertas presentadas (Base 12 do Prego de Bases). Os Sobre 1 da documentación administrativa e as memorias dixitais do Sobre 2, quedan baixo custodia do Secretario de Xurado.

Os Paneis ilustrativos DIN-A1 das propostas quedan depositados baixo chave nas dependencias do Concello, aos efectos de manter ata o momento procedimental oportuno a reserva sobre o coñecemento e exposición destes.

Finalmente, por unanimidade o Xurado acorda reunirse o vindeiro 6 de xuño de 2022, ás 11:00 no mesmo lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1 ; Sanxenxo (Pontevedra), para a exame e deliberación sobre as ofertas presentadas e dar cumprimento ao establecido sobre o fallo do Concurso.

Sendo as 11:25 horas dáse por finalizada a reunión.

En proba de conformidade asinan todos os asistentes.

